



RESOLUCIÓN, da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se convoca o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de algas ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico algas, modalidade de mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Malpica aprobado para o ano 2020-2021.

- **Antecedentes.**

1. O Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas (DOG núm. 233, do 9 de decembro de 2019), regula no artigo 19 os plans de xestión de nova incorporación e o período de vixencia.

2. A resolución da Consellería do Mar polo que se aproba o Plan de xestión de marisqueo de nova incorporación para a conservación e explotación de algas 2020-2021, na modalidade de embarcación con técnicas de mergullo, presentado pola confraría de pescadores de Malpica, establece un número máximo de participantes de 4 embarcacións e 12 mergulladores cun máximo de 3 mergulladores por embarcación, entre as persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión.

3. O 16 de xullo de 2020, a confraría de pescadores de Malpica solicita o inicio da convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de algas no permiso de explotación as embarcacións.

- **Consideracións legais e técnicas.**

1. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, entre outros requisitos no artigo 42.1 establece:

"A explotación das distintas especies de recursos específicos realizarase por modalidades. Esta requirirá estar en posesión das correspondentes habilitacións previstas no artigo 39º desta lei e participar nun plan de xestión.

No caso de que para a extracción de recursos específicos se empreguen técnicas de mergullo, será necesario que os mergulladores e as mergulladoras estean en posesión da titulación axeitada aos medios empregados. "

2. O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer-la actividade pesqueira e marisqueira, entre outros requisitos no artigo 4º establece:

"O permiso de explotación non poderá ser outorgado, revalidado nin transmitido a aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan sanción firme en vía administrativa en materia de protección de recursos mariños, pendente de pagamento."





3. O Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidas para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, entre outros requisitos establece:

"En ningún caso, poderán exercer actividades de pesca as embarcacións que non dispoñan de medios mecánicos de propulsión" (artigo 6.6).

4. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da comunidade Autónoma de Galicia, determina na sección 1ª artigo 25.1b) que para a obtención da modalidade de algas, a embarcación deberá ter menos de 10 TRB ou menos de 10 GT.

5. A Orde do 30 de decembro de 2015, na sección 1ª artigo 25.2 determina que:
"Ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación é incompatible con ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos. As persoas titulares dun permiso de explotación a pé para recursos específicos poderán presentarse ao proceso selectivo para obter as modalidades desde embarcación para este tipo de recursos, pero renunciarán ao dito permiso no momento da obtención dalgunha delas."

6. A Orde do 30 de decembro de 2015, determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

7. Todas as solicitudes que cumpran os requisitos sinalados nesta resolución serán valoradas de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos e que figura como anexo B desta resolución.

O catálogo de actividades formativas recoñecidas como mérito para o baremo de acceso ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcación é o actualizado pola D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro mediante resolución do 13 de decembro de 2019, e pódense consultar na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

8. Esta xefatura territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

Convocar o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de algas a catro (4) embarcacións e doce (12) cupos para mergulladores, cun máximo de tres (3) mergulladores por embarcación entre as persoas armadoras solicitantes asociadas á entidade titular do plan de xestión, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de algas da confraría de pescadores de Malpica, con suxeición ás bases da convocatoria recollidas no anexo A.





Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo dun (1) mes, que se contará a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 e seguintes da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A xefa territorial
M^a José Cancelo Baquero





ANEXO A
Bases da convocatoria.

1. Normas xerais.

1.1. O obxecto do proceso selectivo será o outorgamento da modalidade de algas a catro (4) embarcacións e doce (12) cupos de mergulladores cun máximo de tres (3) mergulladores por embarcación, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión de algas da confraría de pescadores de Malpica.

1.2. Requisitos das embarcacións.

Para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación, consonte ao artigo 25 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, deberán:

- a) Ter menos de cinco artes ou modalidades no seu permiso de explotación da embarcación. No caso de ter cinco, deberá xustificarse a renuncia a unha delas unha vez seleccionada a embarcación
- b) Ter menos de 10 TRB ou 10 GT para a modalidade do recursos específico algas.
- c) Dispoñer de medios mecánicos de propulsión
- d) Que as persoas tripulantes estean en posesión dos certificados profesionais correspondentes.

Ademais, ser armador/a dunha embarcación que teña algunha modalidade de recursos específicos no seu permiso de explotación é incompatible con ser titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos. As persoas titulares dun permiso de explotación a pé para recursos específicos poderán presentarse ao proceso selectivo para obter as modalidades desde embarcación para este tipo de recursos, pero renunciarán ao dito permiso no momento da obtención dalgunha delas.

1.3. Solicitudes, documentación, prazo e lugar de presentación.

As solicitudes dirixiranse á Xefatura Territorial na Coruña nun prazo de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución da convocatoria do proceso selectivo no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web: <http://www.mar.xunta.gal>.

Esta convocatoria tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Malpica.

A Lei 4/2019 do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019) no seu artigo 10º 1.a) establece que *os traballadores autónomos e as traballadoras autónomas para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, no ámbito do sector público autonómico estarán obrigados a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, ademais dos indicados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*





Polo tanto as solicitudes e a documentación acreditativa, deberán presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) do procedemento PE401L, directamente polo armador interesado ou a través dunha confraría ou entidade co documento de representación dispoñible na sede electrónica.

A falsidade dos datos esenciais para a selección das persoas aspirantes dará lugar á súa exclusión automática do proceso selectivo.

A solicitude, asinada polo titular do permiso de explotación, deberá vir acompañada da seguinte documentación:

a) Para acreditar a personalidade para presentar a solicitude:

a.1) No caso dunha persoa física, DNI ou NIE da persoa solicitante, en caso de non autorizar á Consellería do Mar para a obtención desta información.

a.2.) No caso de cotitularidade, copia do DNI ou NIE do resto das persoas físicas titulares do permiso de explotación da embarcación, agás no suposto de autorización expresa á Consellería do Mar para obter esta información. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo IX da Orde do 30 de decembro de 2015.

a.3) No caso dunha persoa xurídica, NIF da entidade e DNI ou NIE da persoa representante en caso de non autorizar á Consellería do Mar para obter esta información. No caso dunha persoa xurídica, a persoa representante deberá acreditar a representación con que actúa.

b) Xustificante de ter aboado o pagamento da taxa correspondente. Non será necesario presentar este documento se o pago da taxa se realizou de forma telemática.

c) A persoa armadora deberá indicar na solicitude o número de tripulantes con certificación profesional que pretende enrolar.

d) Documentación acreditativa de cada un dos aspectos que se van a valorar de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

d.1) Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación

i) Indicar no seu caso, se o armador foi titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos nos 2 anos anteriores á data da convocatoria.

A información relativa a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

ii) No caso de que o/a solicitante, titular do permiso de explotación da embarcación, estivese enrolado/a como mergullador/a (con titulación) nunha embarcación incluída nun plan de xestión para o recursos específico algas nos 2 anos anteriores a data da convocatoria deberá presentar copia do rol de despachos da embarcación coa tripulación enrolada nesta e da libreta de embarque.





d.2) Habitualidade da actividade pesqueira da embarcación.

i) Vendas na lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación

Para a valoración desta epígrafe bastará con presentar copia do rol de despachos da embarcación solicitante correspondente aos 2 anos anteriores á data convocatoria coa tripulación enrolada nesta.

A información relativa ás vendas en lonxa ou centros de venda autorizado será a que conste en poder da Consellería do Mar.

ii) Período da actividade da embarcación (registro da actividade pesqueira)

A información respecto ao registro da actividade pesqueira será a que conste en poder da Consellería do Mar.

d.3) Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das entidades titulares do plan de xestión.

A información respecto a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

d.4) Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación da embarcación na data da convocatoria.

A información respecto a esta epígrafe será a que conste en poder da Consellería do Mar.

d.5) Formación da persoa armadora da embarcación

i) Actividades de formación: documentación acreditativa das actividades formativas recoñecidas como mérito para acceder ás modalidades de recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades aprobado por Resolución do 13 de decembro de 2019 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Non se computarán aqueles cursos ou títulos profesionais necesarios para o exercicio da actividade: mariñeiro-pescador, formación básica, certificado de mariscador/a, certificado de percebeiro/a, certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

ii) Titulación académica: copia do título. Só se valorará a titulación académica superior.

Ademais, engadirase 1 punto mais á valoración obtida na titulación académica cando a persoa solicitante posúa algunha titulación profesional regulada de acuicultura ou náutico-pesqueira, así como formación no regulada, de Patrón de pesca local, Patrón costeiro polivalente e Capitán de pesca.

d.6) Ter persoas enroladas do xénero feminino: copia do despacho da embarcación co persoal que ten enrolado vixente na data de presentación de solicitudes correspondente aos 2 anos anteriores a convocatoria.

e) Documentación que acredite o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación.

f) Folla de asento da embarcación actualizada á data da convocatoria.





1.4. Emenda da solicitude.

A xefatura territorial, como órgano responsable da tramitación e resolución das solicitudes, comprobarán que estas reúnen os requisitos establecidos. De non ser así, requiriráselle á persoa interesada, para que nun prazo de dez (10) días hábiles a emende, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida da súa petición logo de resolución expresa.

A notificación das emendas realizarase de conformidade co establecido nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, mediante publicación no taboleiro de anuncios da xefatura territorial e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Tamén se publicara, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes da Consellería do Mar, así como no taboleiro de anuncios da entidade asociativa.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá presentarse unicamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>)

2. Proceso selectivo. Relación provisional e definitiva

2.1. A xefatura territorial procederá á baremación das solicitudes e publicará, no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, unha relación provisional indicando a puntuación acadada por cada unha das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras. Así mesmo, nesta relación recolleranse as embarcacións e persoas excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes e da/s entidade/s.

O feito de figurar na relación de persoas e embarcacións seleccionadas non prexulga que se lle recoñeza á persoa interesada ou embarcación a posesión dos requisitos esixidos no procedemento regulado nesta sección. Cando da documentación que deba presentarse no caso de ser seleccionado, se desprenda que non posúa algúns dos requisitos, a persoa interesada decaerá de todos os dereitos que podan derivar da súa participación no procedemento.

Contra esta relación provisional, as persoas interesadas poderán presentar ante a xefatura territorial cantas alegacións consideren oportunas no prazo máximo de quince (15) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

2.2. Unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións e analizadas estas, a xefatura territorial ditará a resolución coa relación definitiva das embarcacións seleccionadas e persoas armadoras, así como das non seleccionadas. Dita resolución será exposta nos lugares e cos mesmos efectos que os previstos no punto 2.1.

Contra a resolución que aprobe a relación definitiva, que non esgota a vía administrativa, a persoa interesada poderá interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes, contado desde o día ao da súa publicación no taboleiro de anuncios das xefaturas territoriais e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>, ante a persoa titular da Consellería do Mar, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.





3. Outorgamento da modalidade

As persoas armadoras das embarcacións seleccionadas deberán presentar, no prazo máximo de quince (15) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da relación definitiva, a seguinte documentación para obtención da modalidade e a asignación final de cotas á embarcación:

- a) Rol de despachos actualizado da embarcación coa dotación de tripulación enrolada nela.
- b) Certificacións profesionais que correspondan ás persoas tripulantes enroladas, agás no suposto de autorización expresa por parte das persoas tripulantes á Consellería do Mar para a consulta das certificacións profesionais expedidas pola Consellería do Mar. A autorización expresa para a consulta destes datos realizarase empregando o anexo X da Orde do 30 de decembro de 2015.
- c) No caso de embarcacións que posúan cinco (5) artes ou modalidades no seu permiso de explotación, a renuncia a algunha delas.

Se a documentación non se presenta no prazo establecido, entenderase que desisten da súa solicitude.

A xefatura territorial ditará resolución concedendo ou denegando a modalidade do recurso específico, conforme ao establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015.

